



ACORDO PARA APROBAR O PROXECTO DE ORZAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O ANO 2020

Os Grupos Municipais do PsdeG-PSOE, Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego, despois de manter un diálogo frutífero, acordan impulsaren un proxecto de orzamentos do Concello da Coruña para o ano 2020 baixo as seguintes bases políticas e programáticas:

- O impulso ás políticas de dinamización económica, unha clara aposta polas políticas de benestar social e un compromiso firme co medio, con especial incidencia na mobilidade urbana.
- O apoio a un orzamento expansivo, que reforce tanto o investimento como o gasto social e que favoreza a mellora dos servizos públicos municipais.
- A distribución dos fondos públicos tendo en conta todos os barrios da cidade e favorecendo o dereito á vivenda e o benestar de proximidade.
- A aposta pola políticas de igualdade.
- A defensa dos intereses da cidade, por riba de calquera interese partidario. Reclamaránselles á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado os investimentos necesarios para o desenvolvemento económico e social da Coruña e da súa área metropolitana.

O proxecto de orzamentos para 2020 é o resultado dun proceso de diálogo entre o Goberno municipal e os grupos municipais da Marea Atlántica e do Bloque Nacionalista Galego, coa vista posta en dotar a nosa cidade duns orzamentos netamente progresistas e comprometidos coa Coruña.



O acordo que apoia o proxecto de orzamentos para o ano 2020 permitirá:

-Reforzar os servizos públicos municipais incrementando as partidas destinadas a dotar de máis persoal a departamentos centrais (servizos sociais, contratación etc.).

-Incrementar o gasto social fortalecendo as políticas de benestar, ampliando o Servizo de Axuda no Fogar, ampliando as partidas destinadas a urxencia e renda social e creando novas prestacións.

-Establecer a gratuidade das escolas infantís municipais (0 a 3 anos), consolidar os programas educativos, as bolsas de estudo no estranxeiro e incrementar os recursos destinados ás políticas de igualdade.

-Incrementar a partida de investimentos, con numerosas actuacións que se estenderán aos diferentes barrios da cidade e que permitirán contribuír ao desenvolvemento económico e ao equilibrio territorial da cidade.

-Garantir o compromiso do Concello da Coruña coa dinamización económica e a xeración de emprego, a través de distintas medidas como a creación dun Consello Económico e Social, a elaboración dun plan de desenvolvemento e industrialización para A Coruña e área metropolitana, a elaboración dun plan de dinamización do comercio ou a realización dun estudo para avaliar a posta en marcha dunha bolsa de baixos comerciais en réxime de alugamento.

-O reforzo ás políticas orientadas a garantir o dereito á vivenda, mediante o impulso á rehabilitación e eficiencia enerxética e a creación dunha bolsa de vivenda en alugueiro.

-A aposta polas políticas ambientais, con especial incidencia na constitución dun operador enerxético municipal que impulse políticas de transición enerxética e na expansión e mellora das zonas verdes da cidade.

-O reforzo da Rede de Centros Cívicos municipais, con numerosas actuacións que permitan manter e mellorar os equipamentos veciñais.

-A reforma global do mapa das liñas do autobús urbano, co obxectivo de aumentar as frecuencias nos barrios peor comunicados hoxe, así como nos principais nodos de actividade diaria na cidade.



-Traballar por unha cidade accesible, "camiñable" co redeseño de vías, prazas, parques e rotondas, de maneira que se acurten camiños e minimicen os rodeos.

-Reforzar o compromiso das políticas municipais coa cultura e a lingua galega.

Os grupos municipais de PSdeG-PSOE, Marea Atlántica e BNG acordamos sumar esforzos e construír unha maioría de carácter progresista e galeguista co obxecto de sacar adiante os orzamentos para o ano 2020 e favorecer así a implementación das políticas transformadoras que demanda a veciñanza da nosa cidade.

A Coruña 23 de decembro de 2019

INES REY GARCIA

FRANCISCO JORQUERA CASELAS

MARIA GARCÍA GÓMEZ